

Publicación do primeiro chamamento a matrícula para as titulacións do SUG

Máis de 21.189 estudantes solicitaron estudar nos graos do SUG

Hoxe xoves 14 de xullo, ás 15 horas publicárase o primeiro chamamento a matrícula para o estudantado efectuar a matrícula nas titulacións de grao e dobres graos ofertadas polas tres universidades galegas.

No caso de seren convocadas/os a matrícula na titulación da súa primeira preferencia, o alumnado terá de prazo desde o venres 15 ás 00:01 ata o luns 18 de xullo ás 23:59 para formalizar a matrícula. Unicamente poderán matricularse aquelas persoas que posúan cualificación igual ou superior á da última persoa convocada en cada titulación. Se a persoa solicitante aparece convocada nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia poderá esperar a matricularse nela (en sucesivas convocatorias) en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia. Para isto, ten que reconfirmar na plataforma NERTA que desexa continuar na “Listaxe de Agarda”. Este proceso terá que facelo tantas veces como listaxes de persoas convocadas se publiquen. No caso de matricularse nunha titulación de inferior preferencia, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con preferencia superior.

Logo da celebración das probas de ABAU de xuño (convocatoria ordinaria), e unha vez publicadas as cualificacións definitivas, o alumnado tivo un prazo para solicitar cursar estudos nalgunha das 183 titulacións universitarias ofertadas, para un total de 11.677 prazas ofertadas.

Durante o proceso de asignación de prazas, a CiUG realizará un total de 6 chamamentos a matrícula, convocando ao estudantado por prelación na nota obtida para o acceso aos distintos graos e dobres graos universitarios, ata cubrir as prazas ofertadas.

O primeiro chamamento publícase o día 14 de xullo, e o alumnado ten desde o 15 ata o 18 de xullo para formalizar a matrícula. O día 22 de xullo publicárase o segundo chamamento, con prazo de matrícula desde o 23 ao 27 de xullo. O terceiro chamamento publicárase o día 29 de xullo, con prazos para matrícula desde o 30 de xullo ao 2 de agosto. Posteriormente, incorporáranse aos chamamentos o alumnado que superase a ABAU na convocatoria de xullo (convocatoria extraordinaria), que xusto remata hoxe día 14 de xullo. Deste xeito, na CiUG trabállase actualmente tanto nos exames da convocatoria extraordinaria, como nos chamamentos a matrícula. Os chamamentos terán lugar os días 4 e 9 de agosto, e 2 de setembro, con prazos de matrícula do 5 ao 8 de agosto, do 10 ao 11 de agosto, e do 3 ao 6 de setembro.

73 titulacións pechan no primeiro chamamento

Como principal novidade deste ano 73 graos e dobres graos pecharán neste primeiro chamamento, axilizando deste xeito os procesos de matrícula do estudantado.

O grao en Medicina pecha neste primeiro chamamento, cunha nota de corte de 13.050. Están convocadas a matrícula 750 persoas, das 4.158 que solicitaron este grao, para acceso pola cota xeral. Destas 4.158 persoas solicitantes, 947 son galegas.

Tamén pecha neste primeiro chamamento o grao conxunto en Relacións Internacionais, nos dous campus onde comezará este grao conxunto altamente demandado: Ferrol e Ourense.

No campus de Lugo pechan os graos en Educación Primaria, Empresa e Tecnoloxía presencial e os dobre graos Infantil e Primaria, e Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal

No campus de Ferrol pechan neste primeiro chamamento, ademais do xa mencionado grao conxunto en Relacións Internacionais, o grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto, o grao en Enxeñaría Mecánica, e o grao en Xestión Industrial da Moda. Tamén pechan no campus de Ferrol o Grao Aberto en Enxeñaría Industrial e a Simultaneidade dos Graos de Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica

No campus de Ourense, pechan no primeiro chamamento o grao en Enxeñaría Aeroespacial, o grao en Xeografía e Historia, o grao en Dereito, os dobres graos en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática, e Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito, e o xa mencionado grao conxunto en Relacións Internacionais.

No campus de Santiago de Compostela, ademais de Medicina, pechan os graos en Administración e Dirección de Empresas, Comunicación Audiovisual, Dereito, Economía, Filosofía, Historia, Historia da Arte, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Inglesas, Mestre en Educación Infantil, Mestre en Educación Primaria, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Xornalismo, e os dobres graos de Comunicación Audiovisual e Xornalismo, Dereito e Relacións Laborais, Enxeñaría Informática e Matemáticas, Matemáticas e Física, Química e Física, Farmacia e Óptica e Optometría, e Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria.

No campus de Pontevedra pechan os graos en Dirección e Xestión Pública (virtual), en Comunicación Audiovisual, e en Publicidade e Relacións Públicas.

No campus da Coruña pechan os graos en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Economía, Educación Infantil, Educación Social, Fisioterapia, Ciencia e Enxeñaría de Datos, Intelixencia Artificial, Comunicación Audiovisual, Dereito, Educación Primaria, Náutica e Transporte Marítimo, Arquitectura Técnica, Estudos de Arquitectura, Turismo (presencial), Creación Dixital, Animación e

Videoxogos, e os dobres graos en Ciencias Empresariais e Turismo, Administración e Dirección de Empresas e Dereito, Español e Galego e Portugués, e os dobres graos Inglés e Español, e Bioloxía e Química. Tamén pecha o Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas.

Finalmente, no campus de Vigo pechan neste primeiro chamamento os graos en Enxeñaría en Organización Industrial, Dereito, Enxeñaría Mecánica, Tradución e Interpretación Español-Inglés, Tradución e Interpretación Español-Francés, Enxeñaría Biomédica e os dobres graos en Administración e Dirección de Empresas e Dereito, Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática, en Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica, e en Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática.

Notas da última persoa convocada a matrícula nos distintos graos

Se ben a “nota de corte” é un número que varía cada ano e que se pode definir como a cualificación de acceso da última persoa matriculada no momento no que se cubran as prazas dunha determinada titulación, publicamos as cualificacións da última persoa chamada a matrícula neste primeiro chamamento, en cada unha das titulacións ofertadas en Galicia, xunto coas notas de corte dos 73 graos e dobres graos xa pechados nas universidades galegas na cota xeral (marcados en cor azul). As outras cotas para as que se convoca son persoas maiores de 25 anos, e de 45 anos, deportistas e persoas discapacitadas. A matrícula da cota reservada a persoas tituladas comezará no cuarto chamamento.

Código/Campus	Titulación/Universidade	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
Ourense	Universidade de Vigo						
1001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	5,000					
1002	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	5,000					
1003	Grao en Ciencias Ambientais	5,074					
1005	Grao en Dereito	7,744					
1006	Grao en Educación Infantil	8,724					
1007	Grao en Educación Primaria	9,752					6,539
1008	Grao en Educación Social	8,000					9,540
1009	Grao en Enfermaría (*)	11,760		5,448	6,750	9,628 C	7,904
1010	Grao en Enxeñaría Agraria	5,084					
1011	Grao en Enxeñaría Informática	9,120					11,030
1012	Grao en Traballo Social	7,000		7,104			7,080
1013	Grao en Turismo	5,000					
1014	Grao en Xeografía e Historia (pechada, 1º chamamento)	5,122		6,890			
1015	Grao en Enxeñaría Aeroespacial (pechada, 1º chamamento)	12,416				9,784 G	
1017	Grao en Relacións Internacionais (pechada, 1º chamamento)	11,553				9,790 C	11,811
1040	Grao en Intelixencia Artificial	9,920					
1102	PCEO ADE e Dereito (pechada, 1º chamamento)	10,658					
1103	PCEO Turismo e Xeografía e Historia	5,400					
1104	PCEO ADE e Enxeñaría Informática (pechada, 1º chamamento)	12,040					

Pontevedra	Universidade de Vigo	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
2001	Grao en Belas Artes	8,08 6		6,854	5,417		5,060
2002	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	10,490				11,730 B	9,010
2003	Grao en Comunicación Audiovisual (pechada, 1º chamamento)	9,898				8,334 N	9,150
2004p	Grao en Dirección e Xestión Pública - Presencial	5,808					9,262
2004v	Grao en Dirección e Xestión Pública – Virtual (pechada, 1º chamamento)	5,000		6,070			5,870
2005	Grao en Educación Infantil	9,153				6,378 G	9,420
2006	Grao en Educación Primaria	9,830		6,479		11,008 C	6,520
2007	Grao en Enfermaría (*)	11,799		7,542	5,833	5,652 B	6,143
2008	Grao en Enxeñaría Forestal	5,700					
2010	Grao en Fisioterapia	11,600		5,290	5,083	10,074 B	
2011	Grao en Publicidade e Relacións Públicas (pechada, 1º chamamento)	9,306			8,500	8,610 C	

Vigo	Universidade de Vigo	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
3001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	5,000				10,520 C	6,186
3003	Grao en Bioloxía	10,380		5,840			10,730
3004	Grao en Ciencias do Mar	8,938		7,380		12,151 G	
3005	Grao en Comercio	5,000				8,364 C	8,080
3006	Grao en Dereito (pechada, 1º chamamento)	8,240				7,585 C	5,260
3007	Grao en Economía	5,000					8,887
3008	Grao en Educación Infantil (*)	7,110					
3009	Grao en Educación Primaria (*)	7,850				9,872 N	8,370
3010	Grao en Enfermaría – Meixoeiro (*)	12,006		6,688		9,531 B	5,470
3011	Grao en Enfermaría – Povisa (*)	11,350		6,083		9,926 N	5,550
3012	Grao en Enxeñaría da Enerxía	5,292					
3013	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	5,000			5,625		
3013i	Grao en Enx. de Tecnoloxías de Telecomunicación (Inglés)	5,049					
3014	Grao en Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	5,720					
3015	Grao en Enxeñaría Eléctrica	5,000					
3016	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	8,420					
3017	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (pechada, 1º chamamento)	8,200				8,132 G	
3018	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	5,000				10,842 N	6,900
3019	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	7,010					
3019i	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (Inglés)	5,000					
3020	Grao en Enxeñaría Mecánica (pechada, 1º chamamento)	9,276				9,628 C	

Vigo	Universidade de Vigo	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
3022	Grao en Linguas Estranxeiras	5,010					11,210
3023	Grao en Química	9,840				5,908 B	7,310
3024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	5,000		7,833		9,230 C	
3025	Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés) (pechada, 1º chamamento)	10,312					10,500
3026	Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés) (pechada, 1º chamamento)	5,291					
3027	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)	6,560					
3030	Grao en Enxeñaría Biomédica (pechada, 1º chamamento)	12,370		5,830		12,374 A	9,062
3031	Filoloxía aplicada en Galego e Español	5,000					
3101	PCEO ADE e Dereito (pechada, 1º chamamento) (pechada, 1º chamamento)	11,060					
3102	PCEO Enx. Biomédica e Enx. Elect. Industrial e Automática (pechada, 1º chamamento)	12,105					
3103	PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica (pechada, 1º chamamento)	12,220					
3104	PCEO Enx. Mecánica e Enx. Electr. Industrial e Automática (pechada, 1º chamamento)	11,948					

Santiago	Universidade de Santiago de Compostela	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
4001	Grao en Administración e Dirección de Empresas (pechada 1º chamamento)	9,146					10,316
4002	Grao en Bioloxía	11,340				10,294 G	7,836
4003	Grao en Ciencia Política e da Administración	5,000					8,315
4004	Grao en Comunicación Audiovisual (pechada 1º chamamento)	11,052				11,618 N	9,660
4005	Grao en Dereito (pechada 1º chamamento)	9,216		6,354	5,875		6,217
4006	Grao en Economía (pechada 1º chamamento)	7,770				11,252 G	12,890
4007	Grao en Educación Social	8,440					7,150
4008	Grao en Enfermaría	12,500		6,792		10,930 C	9,360
4009	Grao en Enxeñaría Informática	11,796				11,990 D	11,086
4010	Grao en Enxeñaría Química	10,670					
4011	Grao en Farmacia	11,697		7,090		10,256 F	
4012	Grao en Filoloxía Clásica	5,300					
4013	Grao en Filosofía (pechada 1º chamamento)	6,918					10,520
4014	Grao en Física	12,449		6,573		7,520 B	10,010
4015	Grao en Historia (pechada 1º chamamento)	9,330					
4016	Grao en Historia da Arte (pechada 1º chamamento)	8,525					12,130
4017	Grao en Lingua e Literatura Españolas (pechada 1º chamamento)	6,614					13,412
4018	Grao en Lingua e Literatura Galegas	5,820					
4019	Grao en Lingua e Literatura Inglesas (pechada 1º chamamento)	7,450					9,050
4020	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	5,097					
4021	Grao en Matemáticas	12,760				11,850 C	9,220

Santiago	Universidade de Santiago de Compostela	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
4022	Grao en Medicina (pechada 1º chamamento)	13,050		6,150		11,847 A	9,100
4023	Grao en Mestre en Educación Infantil (pechada 1º chamamento)	10,258		8,084			9,598
4024	Grao en Mestre en Educación Primaria (pechada 1º chamamento)	10,722				6,080 C	6,354
4025	Grao en Odontoloxía	12,845		5,156		6,224 B	6,800
4026	Grao en Óptica e Optometría	10,620				8,216C	
4027	Grao en Pedagogía	9,230					
4028	Grao en Psicoloxía	10,782		6,420	7,375	7,906 G	5,318
4029	Grao en Química	10,862					7,681
4030	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (pechada 1º chamamento)	6,600		5,550			9,200
4031	Grao en Traballo Social (*)	6,910					
4032	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	5,290					
4033	Grao en Xornalismo (pechada 1º chamamento)	10,344				7,880 G	
4034	Grao en Biotecnoloxía	12,874		5,659		12,222 G	12,280
4035	Grao en Criminoloxía	10,666				9,611 C	7,400
4037	Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras	5,230					
4040	Grao en Intelixencia Artificial	11,510					
4101	Simult. dos Graos Comunicación Audiovisual e Xornalismo (pechada 1º chamamento)	12,942					
4102	Simultaneidade dos Graos de Dereito e Relacións Laborais (pechada 1º chamamento)	11,100					
4103	Simultaneidade dos Graos de Enx Informática e Matemáticas (pechada 1º chamamento)	13,520					
4104	Simultaneidade dos Graos de Matemáticas e Física (pechada 1º chamamento)	13,645					13,700
4105	Simultaneidade dos Graos de Química e Bioloxía	11,740					
4106	Simultaneidade dos Graos de Química e Física (pechada 1º chamamento)	12,358					
4107	Simultaneidade dos Graos de Farmacia e Óptica (pechada 1º chamamento)	12,120					
4108	Simultaneidade en Educación Infantil e Educación Primaria (pechada 1º chamamento)	12,692					8,836

Lugo	Universidade de Santiago de Compostela	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
5001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	5,000					
5004	Grao en Enfermaría (*)	11,818		6,700		8,357 B	9,227
5006	Grao en Enxeñaría Civil	5,690					
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Rural	5,500					
5010	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	5,260					
5011	Grao en Mestre en Educación Infantil (pechada 1º chamamento)	8,492					9,420
5012	Grao en Mestre en Educación Primaria (pechada 1º chamamento)	9,330				8,560 C	
5013	Grao en Nutrición Humana e Dietética	10,144				7,744 C	7,200
5014	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (*)	5,922		6,875			
5015	Grao en Veterinaria	11,880		5,146		13,615 B	6,499
5018	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	5,507					
5019	Grao en Paisaxe	5,547					
5020	Grao en Robótica	8,960					
5021	Grao en Bioquímica	12,180				8,702 C	6,063
5022p	Grao en Empresa e Tecnoloxía (Presencial)	6,664					
5022s	Grao en Empresa e Tecnoloxía (Semipresencial)	5,714					
5023p	Grao en Xestión Cultural (Presencial)	5,100					
5023s	Grao en Xestión Cultural (Semipresencial)	5,570					
5102	Sim. dos Graos de Enx. Agrícola e Enx. Forestal (pechada 1º chamamento)	6,730					
5103	Sim. dos Graos de Mestre en Infantil e Primaria (pechada 1º chamamento)	11,448					11,450
5104	Grao Aberto 5USC Enxeñarías	6,524					

Coruña	Universidade da Coruña	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
6001	Grao en Administración e Dirección de Empresas (pechada 1º chamamento)	9,022		5,240		9,506 C	
6003	Grao en Bioloxía	10,400					11,152
6004	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (**)(pechada 1º chamamento)	10,780				9,380 C	7,368
6005	Grao en Ciencias Empresariais	5,000					
6006	Grao en Comunicación Audiovisual (pechada 1º chamamento)	10,226		5,350		7,937 D	
6007	Grao en Dereito (pechada 1º chamamento)	9,195		5,833		5,921 G	
6008	Grao en Economía (pechada 1º chamamento)	7,684				7,406 G	
6009	Grao en Educación Infantil (pechada 1º chamamento)	9,538				7,538 G	
6010	Grao en Educación Primaria (pechada 1º chamamento)	10,265		5,167		8,230 G	8,549
6011	Grao en Educación Social (pechada 1º chamamento)	8,380			5,167		
6012	Grao en Enfermería (*)	12,200		6,750		5,140 N	7,932
6013	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	5,000				6,990 A	7,746
6014	Grao en Enxeñaría Informática	10,006		5,670			8,410
6015	Grao en Máquinas Navais	5,000					
6016	Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo (pechada 1º chamamento)	6,384				11,200 C	
6017	Grao en Arquitectura Técnica (pechada 1º chamamento)	5,000					
6018	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	5,850					
6019	Grao en Fisioterapia (pechada 1º chamamento)	11,722		8,594		10,050 N	5,840
6020	Grao en Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	5,050					
6021	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	5,000		6,660			6,000
6022	Grao en Logopedia	8,580				9,989 G	

Coruña	Universidade da Coruña	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
6023	Grao en Química	10,246					6,310
6024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	5,000					
6025	Grao en Socioloxía	5,160					7,332
6026	Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil	5,620					
6027	Grao en Terapia Ocupacional	9,860				7,040 F	
6028o	Grao en Turismo (Online)	5,090					
6028p	Grao en Turismo (Presencial) (pechada 1º chamamento)	6,150					
6036	Grao en Estudos de Arquitectura (pechada 1º chamamento)	6,750					
6037	Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (pechada 1º chamamento)	11,302				9,470 C	
6038	Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos (pechada 1º chamamento)	11,608				10,810 C	8,670
6039	Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía	10,830				8,187 G	10,070
6040	Grao en Intelixencia Artificial (pechada 1º chamamento)	11,010		7,803			
6101	Simultaneidade dos Graos de Bioloxía e Química (pechada 1º chamamento)	11,870					
6102	Simultaneidade dos Graos Turismo e CC Empresariais (pechada 1º chamamento)	9,010					
6103	Simultaneidade de Grao en ADE e Dereito (pechada 1º chamamento)	11,865					12,314
6104	Simult. dos Graos de Español e Galego e Portugués (pechada 1º chamamento)	10,707					
6105	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Español (pechada 1º chamamento)	8,970					5,143
6106	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Galego e Portugués	6,406					
6107	Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas (pechada 1º chamamento)	10,017					

Ferrol	Universidade da Coruña	Xeral	Titul.	M25	M45	Deportistas	Discapacit.
7002	Grao en Enfermaría	11,673		6,959		9,146 B	7,501
7003	Grao en Enxeñaría Eléctrica	5,204					
7004	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	5,000				11,555 A	
7005	Grao Enx. Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto (pechada 1º chamamento)	9,402					
7007	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	5,000					
7008	Grao en Enxeñaría Mecánica (pechada 1º chamamento)	8,558					5,550
7011	Grao en Podoloxía	9,890		5,800			7,000
7012	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	5,870					
7013	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	5,000					
7014	Grao en Xestión Industrial da Moda (pechada 1º chamamento)	10,710					12,570
7015	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación	6,246			8,083		
7017	Grao en Relacións Internacionais (pechada 1º chamamento)	12,500				10,884 N	10,188
7101	Simult. dos Graos de Enx Mecánica e Enx Naval e Oceánica (pechada 1º chamamento)	11,780					10,702
7102	Grao Aberto en Enxeñaría Industrial (pechada 1º chamamento)	10,130					